

ARTE

Vicente Prego: paixón oculta polas ruínas

A memoria histórica dos pobos e as civilizacións baséase fundamentalmente na tradición oral e na representación plástica. Á parte dos avances científicos que permiten fixar con case total exactitude no tempo determinados feitos e restos, a imaxe que recibimos dos nosos antepasados é básica para entender as orixes e desenvolvemento humano.

Así, o artista cobra un valor singular. O rostro de Reis de séculos preteritos que nos legou a historia é tal como foi representado polo pintor da Corte de cada época. O mesmo ocorre con paisaxes hoxe desaparecidas e vellos monumentos. Se sobreviviron ata os nosos días débese ó pincel dun artista que fixo transcender a súa obra ó paso do tempo.

E aquí intervéñe o noso personaxe de hoxe. Parte da obra exposta por Vicente Prego (A Coruña, 1957) na compostelá galería *Espacio 48* está dominada pola abstracción; a outra parte discorre alternativamente polo campo da figuración, incorporando arquitecturas especiais para a sensibilidade do artista.

Son edificacións tan excepcionais como o Coliseo Romano, a Alhambra granadina ou outros edificios significativos da antigüidade clásica ou doutras culturas como a oriental, encarnada en exóticas cidades ou paisaxes significativas, como o traslado dun fresco.

Outras veces a inspiración vén da amálgama de varias culturas ou da elegancia que envolve os palacios venecianos.

Din que os creadores son nómades. As viaxes, por regra xeral, á parte de ensanchalo coñecemento humano, adoitan deixar como pouso a apilar un bo lote de fotos, moitas delas acantoadas en vellos álbums e unhas poucas enmarcadas. No caso dunha alma sensible como a de Vicente Prego, non foi así. Os negativos, moitos en fotografías, tiveron o suficiente atractivo como para transplantalos ó lenzo emulando as tan coñecidas imaxes postais que é frecuente traer como souvenir do lugar visitado. Estas vistas nada teñen que ver con aquelas "veduttas" italianas. Unha vez traballadas, non ten reparo o autor en aplicarlles rabiñadas, incisións ou tachóns como acirrándose nunha xestualidade



Exposición de Vicente Prego na compostelá galería Espacio 48

de ton informalista. Entre tales marcas tamén encontramos "graffitis" delatores. Son como cuitas existencialistas producidas acaso por apremantes meditacións do autor que se traducen en poutadas. Dan a impresión de que pretende con iso achega-la súa ecuación persoal á foto. Signos verticais, como reixas dunha prisión, denuncian esa liberdade perdida. Algunhas estampas son sumamente pintorescas; falan outras veces de ilusións e ó miralas o espectador evoca momentos especiais embargado polo sentimento proustiano de retrotraerse a un mundo pasado do que só queda unha ilusión.

Cun laborioso dominio dos materiais entre os que inclúe o lenzo e a madeira, manipulounos coa intención de presentalos como antigos cando en realidade son de creación recente.

O artista servíuse de tonalidades apagadas e ocre con certa tendencia á monocromía. Semella que o pincel durmíse todo ó seu paso, como se o manexase o personaxe de Hipno, aquel que se identificaba como o soño e como tal pasaba polo lugar licuando as imaxes.

Con esta ambientación, a atmos-

fera do lenzo cárgase dunha sensualidade secreta.

Contribúe a este efecto o uso especial da luz que, actuando en edificios tan consistentes ó paso do tempo, paradoxalmente failles nega-la súa enorme presenza descomunal e ensina-lo que de decrepitude lle foi outorgando o pai Tempo (ese que non lle perdoa a ninguén) danando e cubrindo a súa epiderme para facelo parecer corroído e de aspecto case fantasmal.

Vicente Prego, intencionadamente, imitou o labor das vellas pántinas co afán de conferir ese ton aristocrático e decadente propio dunha sociedade a cabalo entre a grandeza e a postración.

Este artista, que se iniciou contrariamente na abstracción, sen perder contacto coas forzas instintivas e irracionais fixo unha utilización máxica e poética de determinadas imaxes que se presentan como subxectivas malia a súa existencia. Máis que contámo-la historia que conteñen contamos a través delas as novas propias, facendo renacer unha emoción que leva a entronca-la obra preguiuana cos románticos máis soñadores.

Fátima Otero

CINE

Malas noticias

Agustín Díaz Yanes necesitou tempo para presentar ó público outra película desde que me sorprendera con 'Nadie hablará de nosotras cuando hayamos muerto'. Como se intuía que os segundos pasos son os peores, retardou tal vez inconscientemente a revalida.

Durante o atraso conseguiu un orzamento importante, unhas actrices de renome e uns colaboradores solventes. Traballou intentando atar ben tódolos cabos e por fin, previo lanzamento publicitario moi importante para este país, chegou ás pantallas 'Sin noticias de Dios'. Non é que sexa un completo desastre de película, pero decepcionoume seriamente.

Nunha das entrevistas ás que se someteu nos días anteriores á estrea, o propio director confesaba que a súa preocupación aumentaba na medida en que cavilaba na grande cantidade de persoas que confiaban nel e necesitaban recupera-los cartos investidos. Para min que aí radica a explicación do fracaso: tivo tantos medios nas súas mans, quixo atender a tantos intereses, procurou encaixar de tal xeito a estética, a fondura, a trivialidade e o comercial, que, ó remate, o conseguido é unha mesturaza anódina, sen dirección, abúlca, que para nada nos lembra ó guionista decidido das primeiras colaboracións e ó magnífico constructor da historia de 'Nadie hablará de nosotras cuando hayamos muerto'.

'Sin noticias de Dios' agroma de mala fonte. Nunca ideas limpas (ben, mal), sen persoas que as xeren, acostuman ser firme fundamento para a creación dunha historia narrativa. O transplante ó ceo e ó inferno continúa por peor corredoira. E os enredos nos que brinca ó zoncho de arriba para abaixo, de abaixo para arriba, perden chispa no primeiro uso do branco e negro. Este filme adocece de falta de finalidade, carece de teleoloxía (tamén de teoloxía) que o conduza cara algures. Non conta nada. Anda a tropezoños pretendendo facer rir, pensar ou criticar, non logrando máis que os opostos: provocar riso cando pretende ser serio, pena cando nos quere facer rir, incredulidade debaixo dalgunha crítica. O fillo de Deus xa o dixera: "Non se pode servir a dous señores", e para min que Díaz Yanes quixo servir a máis de dous e así lle foi: nin Victoria Abril canta e seduce, nin convence por boa e abnegada que se mostre, nin Penélope Cruz ten gracia como mala por máis que fume e ande con aires de matón.

En fin: que noticias de Deus non recibimos nin unha e as que recibimos de Yanes son malas, bastante malas. Espero que se arrepiña e regrese ó camiño do que nunca debeu desviarse, porque ía ben, moi ben Díaz Yanes antes de querer gustar a Deus e do demo.

Miguel Suárez Abel

A Caixa galega do século XXI

caixanova

